

Unas fiestas especiales

Con las Misa de hoy domingo a las 20,30 hs , en honor de San Judas Tadeo y recordando a todos los difuntos de la Parroquia terminamos la celebración de las Fiestas Patronales .Este año fueron una fiestas especiales que hemos vivido en familia, y en la Iglesia las Misas, que han resultado solemnes y devotas, guardando las normas sanitarias.La Procesión del Santísimo fue el homenaje de alabanza y acción de gracias a Jesús Sacramentado y bendición a todo Carballo.

Gracias a todos os que participaron y colaboraron en las celebraciones: al Sr. Alcalde por la invocación al Patrón (que publicamos en la pag.3), a la Policía Local, a los 27 funcionistas que mostraron su fe cumpliendo sus promesas , a los devotos que portaron el Palio y la carroza con el Santísimo, a los vecinos que un año más colocaron los altares.... Gracias a todos. Que el Señor nos conceda poder celebrarla el próximo año libres del coronavirus.

FUNERALES

Miércoles día 1, a las 18 hs. En el Santuario de los Milagros de Caión: Funeral de entierro por el Rvdo. D. Luís Pastoriza Abelenda, párroco de Caión, fallecido en el mes de Marzo. Será presidido por el Sr. Arzobispo.

Viernes 3, a las 20,30 hs. 1º Aniversario por Carmen Collazo Varela

Viernes 3, a las 21,00 hs. 1ª Aniversario por Antonio Rodríguez Díaz.

Sábado día 4, a las 17,00 hs, en Goiáns, 1º Aniversario por Manuela Seoane Souto.

PRIMERA COMUNIONES

Hemos terminado la preparación semipresencial de los niños que van hacer la Primera Comunión en el mes de Julio. Ha resultado bien, gracias a la colaboración de los padres. Habrá celebración de Primeras comuniones los días 4,11,18,19 y 25 de Julio.

Este **miércoles día 1, a las 21,00 hs** tendremos la primera reunión de los padres y niños que van hacer la comunión en Agosto y Septiembre para iniciar la catequesis y entregar los materiales.

VISITA Y ADORACIÓN AL SANTISIMO

Jueves día 2, estará expuesto el Santísimo y Vigilia de adoración a las 20,30 hs. Uno de los propósitos de la Fiesta y Procesión del Santísimo es seguir fomentando la Visita y Adoración a Jesús Sacramentado: "Venid a Mi cuando estáis cansados y agobiados..."

En el sagrario constantemente escuchándonos, atendiendo nuestros cansancios, iluminando nuestras dudas, dispuesto a nuestras plegarias, amigo fiel y amigo siempre con la puerta abierta...

¡Vamos a dedicarle su tiempo al Señor! ¡Vamos a disfrutar de la presencia y la conversación con el amigo que nos ama! ¡Que Él es el alimento que da vida!

Visita al Sagrario (iglesia abierta todo el día). Y los jueves está expuesto el Santísimo desde la misa de las 8,30 hs.



A XANELA SEMANAL

Hoja parroquial de la Unidad Pastoral de Carballo



¡Santísimo Sacramento, bendícenos!

Hemos celebrado las misas de las fiestas, y especialmente solemne y devota fue la Misa del Santísimo Sacramento, y la Procesión. Los funcionistas llevaron el Santísimo Sacramento en una carroza engalanada, acompañado solamente por las autoridades y funcionistas. Recorrió la calle Jacinto Amigo, la Gran Vía, la Calle Cervantes, la calle Valle Inclán, la calle Vázquez de Parga, y Plaza Galicia. En los tres altares de costumbre se ha dado la bendición. Varios vecinos aguardaban en cada una de las paradas, donde el Santísimo ha sido recibido con lluvias de pétalos desde los balcones más próximos.

"Llevamos a Cristo, presente en el Santísimo Sacramento por las calles de nuestra ciudad. Encomendamos estas calles, estas casas, nuestra vida cotidiana, a su bondad. Queremos con este gesto.

¡Que nuestras calles sean calles de Jesús! ¡Que nuestras casas sean casas para él y con él! Que en nuestra vida de cada día penetre su presencia. Con este gesto, ponemos ante sus ojos los sufrimientos de los enfermos, la soledad de los jóvenes y de los ancianos, las tentaciones, los miedos, toda nuestra vida.

La procesión quiere ser una bendición grande y pública para nuestra ciudad: Cristo es, en persona, la bendición divina para el mundo". (Benedicto XVI).



A páxina de D. Xosé Pumar

O río Anllóns. Arteria principal de Bergantiños

O Instituto de Estudos Bergantiñáns vén de facer á cultura desta terra un dos seus mellores servizos. Publica unha obra de 350 páxinas dedicadas a análise de canto supón para Bergantiños o seu río máis coñecido. A toponimia e hidronimia, a historia, a cunca hidrográfica, as parroquias polas que transita, espazos naturais, a saúde do río. Nestes apartados entra o estudo das pontes, pazos, mosteiros, igrexas, férvedas, persoeiros, afluentes, muíños, aproveitamentos económicos. Todo acompañado de fotografías antigas e modernas.

A paisaxe da desembocadura do Anllóns, sen duda a máis deslumbrante de Bergantiños, vai nas portadas do libro. Penso que os bergantiñáns Terán admirado desde o cume do Monte Branco esta fantástica visión.

A obra é unha enciclopedia do mellor Bergantiños. Un tesouro para colexios e familias.

Ben o comprenderon así os concellos patrocinadores: Carballo, Coristanco, Laracha, Ponteceso. Todos afectados e favorecidos polo paso do río.

Para unha tan complexa e ten ben harmonizada obra, requírense especialistas nos diferentes campos da investigación. Formaron un equipo que xa ten moita experiencia en froitos no seo do I.E.B. Baste percorrer o seu ben nutrido catálogo dedicado a Bergantiños. Non hai moito publicaron un traballo sobre o Río da Ponte do Porto.

Os nomes destes competentes e celosos autores son: Fernando Cabeza Quiles, Evaristo Domínguez Rial, Xan X. Fernández Carrera, Antón García Lósada e Luis Giadás Álvarez. Cómpre felicitalos cos meirandes parabéns. Quedaron os seus nomes inmortalizados nunha obra de valía secular que admirarán e na que se formarán as futuras xeracións.

A correspondencia a este esforzo debe ser un mellor tratamento, coidado, do río. Sorprendeunos ver na páxina 35 que o Anllóns é, entre os 10 principais ríos de Galicia, o de menor caudal medio: 11,4 metros cúbicos por segundo.

Pois ben. Este río ten que soportar a carga da poboación de Carballo (20.000 hs) e outras máis. Os rebeireños, os que cultivan terras preto do río, os pescadores... temos que vivir con responsabilidade ecoloxista para non danar as augas das que, cada carballés, por exemplo, consume uns 170 litros por día.

Certo que os ríos teñen a súa autorexeneración no seu navegar; que os afluentes poida que veñan limpos; que hai estacións depuradoras... Pero todo sería insuficiente se os particulares non colaboramos. Hai ríos que son escravos dos nosos descoidos. Que non pase así co río tan amado por todos, especialmente polos autores da obra que comentamos.

Ábrese este libro cun limiar da autoría de Xosé A. Andrade. Os escritos da súa man son moi paisanos, moi introducidos nos costumes do pobo que Xosé A. capta e narra con ironía e amabilidade, pois recursos ten abondo para facelo.

Benvido este libro ás mans de todos os bergantiñáns.



Invocación do Sr. Alcalde de Carballo ao patrono San Xoán Bautista

Cadaquén ten o seu tempo, o reloxo interior onde leveda outro tempo, e todo nós, santo patrón, sabemos que tras os tempos veñen tempos e outros tempos han de vir.

Tempos que virán labrados con milleiros de mans humildes e traballadoras que moverán penedos coa xema dos dedos ou mans que fixeron pontes, cestas e torres no mar. Mans que termarán das trabes do ceo para erguer o solar do noso concello.

Os nosos eidos son de pan sen fronteiras no que escoitamos a voz que nos arroinou e que nos viu medrar, sentindo os abrazos que tivemos noite e día, procurando amigos con quen compartamos a felicidade da túa festa, e fomos aprendendo no laborioso proceso de gañar a vida con bágoas, estrela e ilusión para seguir pedindo saúde, traballo e futuro.

Un futuro que nos permita sempre acarifiar a quen queremos,, protexer a quen o precisa, procurar construír en cada chanzo de existencia o acompañar a quen sufra na dolorosa ausencia para superar a total crueldade do momento que precisamos compartir a dor.

Houbo que limpar o medo, abrir as gaiolas de fora e de dentro, porque o futuro ten que servir para vivir a felicidade de estar con todas as persoas que formamos a comunidade.

Igual que o océano e a terra se unen en nós, a nosa tristura sabe rir, e queremos que a festa sexa sempre motivo de unión e celebración para seguir construíndo día a día, pedra a pedra, todo o que nos move e nos fai felices, guiados pola túa luz e superaremos a arte de caer coa arte de erguerse.

Será un labor de todos, calado, incansable, silandeiro, e por iso seguimos a precisar a tua axuda. Neste día en que se activa máis o sentimento de carballeses, estamos pedindo ao santo patrón toda axuda e toda a comprensión.

Pedimos para toda a nosa xente: nenos, mozas, maiores, presentes ausentes, traballadores e comerciantes, empresarios e autónomos, para todas as persoas que viron trocar a harmonía da vida e padecer na nova realidade unas dificultades que ninguén de nós fomos capaces de albiscar, pero todo será nacer para volver aos días en que ninguén quere apagar a luz para gozar da túa festa. Grazas polo que levamos feito, que as augas do Anllóns reguen de felicidade o corazón dos nosos carballeses que seguen os bos e xenerosos. Sabemos que contamos coa túa axuda que pedimos e agradecemos outro ano máis.